



Por unha planificación dos cursos Celga que facilite a xestión, a inscrición e a asistencia das persoas interesadas, e pola anulación da actual convocatoria informal feita pola Xunta

Ante a comunicación da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) da Xunta de Galicia publicada no seu web e remitida ás entidades locais –sen data e sen sinatura de ninguén– relativa aos cursos de lingua galega preparatorios para as probas Celga 2014, técnicas e técnicos de normalización lingüística da administración local e a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, con CIF G15542897

Expoñemos

- Que ante os múltiples problemas detectados na xestión e planificación dos cursos preparatorios para as probas Celga que se convocan desde a Xunta de Galicia, desde hai anos levamos solicitando unha mellora nesta xestión e planificación, o que se concretou en diversas xuntanzas coa SXPL, en varias solicitudes e comunicados e, en xullo de 2012, na *Proposta para a mellora da planificación e xestión dos Celga*, elaborada e consensuada desde os diversos ámbitos relacionados cos Celga (técnicos/as de normalización lingüística encargados de convocar, xestionar e difundir cursos e informar a cidadanía sobre o sistema; profesorado encargado da docencia dos cursos; persoal avaliador das probas de obtención dos títulos, etc.).
- Que desde a SXPL sempre se acolleu con boas palabras esta proposta que facilitaría, simplificaría e melloraría a formación en lingua galega das persoas adultas, mais, na práctica, só puxo e pon cada vez máis trabas e dificulta e complica cada vez máis a xestión, o método e o proceso para que as persoas interesadas en seguir formándose en lingua e en asistir aos cursos preparatorios para as probas Celga, poidan facelo. Polo tanto, dificulta cada vez máis a asistencia a cursos de galego.
- Que a última comunicación feita desde a SXPL sobre a próxima realización destes cursos é un grave paso atrás que empeora notablemente a xa mala planificación e xestión da formación lingüística da poboación adulta, principalmente polos seguintes motivos:



- **Falta de planificación:** En vez de se facer unha planificación global da formación, anúnciase a próxima realización –e, ademais, de maneira informal (cunha comunicación sen data e sen asinar por ninguén)–, duns cursos que se organizarán baixo demanda, sen unha planificación territorial previa que cubra todo o país e que lle facilite ao conxunto da cidadanía a posibilidade de asistir a cursos. Isto pode provocar que haxa comarcas enteiras en que todo o ano non haxa nin un só curso de galego se, por exemplo, nelas non hai concellos que se preocupen de difundir os cursos, facer as preinscricións, incentivar á participación, dar información, etc.
- **Dificultade, complexidade e incomodidade do método de inscrición:** Segundo a comunicación da SXPL, as persoas interesadas en formarse en lingua teñen que se preinscribiren nun concello, nun prazo raquíptico de tan só uns 10 días e para un curso que non se sabe se vai haber, nin en que datas terá lugar, nin en que días e horarios se desenvolverá. Ademais, esa preinscrición nun curso que non se sabe se vai haber debe facerse de maneira presencial, pois as persoas interesadas teñen que “autorizar as entidades locais a lle facilitar os seus datos de carácter persoal á SXPL”, para o que cómpre asinar un documento. Ademais, mentres a preinscrición se ten que facer nunha administración local, se despois o curso en que unha persoa está interesada finalmente se desenvolve, a formalización desa inscrición é posible que se teña que facer noutra entidade distinta, pois, tal e como indica a comunicación da SXPL, as persoas preinscricións deben “formalizaren a súa inscrición na entidade onde se vai impartir o curso” (isto é, se o curso ten lugar nun instituto ou local da Consellaría de Cultura e Educación, enténdese que a inscrición nese curso se ten que facer no instituto ou na Consellaría de Cultura e Educación, e non no concello ou entidade local onde esa persoa fixo a preinscrición).
- **Prazos excesivamente reducidos que dificultan a difusión da información e a inscrición nos cursos:** A comunicación feita pública pola SXPL, ademais de non estar asinada por ninguén, tampouco ten data, mais recibíuse nos concellos entre o 11 e o 13 de febreiro, e o prazo para que estes remitan a súa solicitude á Xunta remata o 24 de febreiro. Isto é, no prazo duns doce días naturais hai que planificar a convocatoria, difundila, facer envíos, etc., e recoller as preinscricións de todas as persoas interesadas, organizar as solicitudes por cursos, elaborar as listaxes, cubrir a documentación e enviar todo á Xunta dentro do prazo, o



que é materialmente imposible para que se poidan anotar todas as persoas potencialmente interesadas. Ademais, estes prazos excesivamente reducidos non teñen en conta o traballo que están a desenvolver os SNL municipais e interfíren gravemente na súa organización e planificación.

- **Falta de criterios, de obxectividade e de transparencia para a adxudicación/programación dos cursos:** Segundo a comunicación da SXPL, os concellos teñen que solicitar a realización de cursos na súa localidade, presentando unha listaxe de, cando menos, vinte persoas preinscristas, mais non se especifica se se desenvolverán ou non todos os cursos solicitados que reúnan ese requisito e, en caso de que haxa máis cursos solicitados dos que se vaian desenvolver, non se indica cales serán os criterios que se seguirán para organizar uns si e outros non. Polo tanto, non se garante nin a máis mínima obxectividade nin transparencia neste proceso.

Polo que, solicitamos

- Que se anule de xeito inmediato esta comunicación informal da SXPL sobre a próxima realización de cursos de lingua galega preparatorios para as probas Celga 2014, e que se lle comunique de maneira urxente esta anulación a todos os servizos de normalización lingüística (SNL) e a todas as entidades locais.
- Que se faga unha planificación anual da oferta formativa en colaboración cos servizos de normalización lingüística (SNL) dos concellos, por seren estes departamentos os que, por un lado, mellor coñecen a realidade e as necesidades formativas reais dos municipios e comarcas e, por outro, por seren quen, na práctica, difunden e xestionan a realización dos cursos de lingua galega por todo o país. Esta planificación e colaboración permitiría saber que cursos habería en cada localidade e/ou comarca, e as súas datas e horarios, o que permitiría, ao mesmo tempo, poder desenvolver unha maior e mellor difusión da formación en lingua galega dirixida ao conxunto da cidadanía, publicitando a convocatoria de cursos no seu conxunto a nivel galego (mediante anuncios, folletos, publicidade, prensa, etc.), e unificando e simplificando o método e os prazos de inscrición, e sen obrigar a xente a ter que facer preinscricións en cursos sen datas, horarios nin garantías de realización.



- Que se teñan en conta as diversas suxestións e ideas incluídas na *Proposta para a mellora da planificación e xestión dos Celga* xa presentadas en 2012, relativas á implantación dos Celga dentro do proceso de normalización lingüística; ás validacións dos Celga; á planificación, organización e xestión dos cursos preparatorios; ao enfoque, a metodoloxía, os materiais e os contidos dos cursos de formación; aos requisitos e condicións do profesorado; e ás probas para a obtención do certificado.
- Que desde a Xunta de Galicia se pense nas miles de persoas que queren e/ou teñen que formarse en lingua galega e que están pendentes das convocatorias dos Celga para poderen acceder a un posto de traballo, a unha convocatoria de emprego público, a un curso de inserción laboral, etc., e que non poden facelo, nalgúns casos perdendo un ano enteiro e incluso máis, por culpa da mala planificación e xestión da SXPL e polas escasas oportunidades de formación e de acreditación Celga que esta ofrece.

Asinamos esta solicitude, ademais da CTNL como entidade que agrupa as traballadores e traballadores de normalización da lingua, as/os seguintes técnicas/os de normalización lingüística de entidades locais a nivel individual: Arximiro Fernández Cabanelas, Beatriz Bascoy Maceiras, Concepción Cochón Rodríguez, Daniel Romero, Esther Leira Penabad, Eva M. García Rei, Graciela Castro Alvela, Irene Bravo Pérez, Lucía Filloy López, Luísa Beiro Agulleiro, María Justo González, Marisol Vázquez Alonso, Marta Souto González, Mónica Fernández Valencia, Nel Vidal Barral, Nuria Seoane Bouzas, Paula Soto Viñas, Roberto Rielo Iglesias, Rosa Moreiras Cuñarro, Silvia Muíño Naveira, Socorro García Conde, Xosé Bieito Novo Díaz e Xosé Blanco Alborés.

Nel Vidal Barral
Presidente da CTNL

14 de febreiro de 2014